

CONCILIA NO XARDÍN DO PAZO 2026

Aprender, convivir e medrar xuntas/os

O programa **Concilia no Xardín do Pazo** nace como un espazo de conciliación familiar, laboral e persoal cun enfoque educativo, comunitario e vivencial.

Ao longo do verán, as crianzas participarán en actividades baseadas na experiencia práctica, a natureza, o traballo en equipo, a creatividade e o desenvolvemento persoal.

Inspirámonos en metodoloxías activas, cooperativas e de educación en valores, favorecendo a autonomía, a participación e o respecto polos demais e pola contorna.

Organización por semanas temáticas

Cada semana terá unha temática principal arredor da cal se desenvolverán actividades, obradoiros e dinámicas:

Semana de cohesión, inclusión e servizo

Xogos cooperativos, dinámicas de grupo, inclusión, orientación, nós, habilidades sociais e participación comunitaria.

Semana das Artes

Pintura, música, teatro, manualidades, expresión corporal, artesanía e creación colectiva.

Semana da Ciencia

Experimentos, ecoloxía, natureza, hortas, observación, construción e descubrimento científico.

Semana dos Deportes

Xogos deportivos, psicomotricidade, retos cooperativos, baile deportivo, capoeira e movemento.

Semana das Linguas

Xogos en inglés, comunicación, cultura, contos, expresión oral e actividades interculturais.

Semana dos Saberes

Oficios tradicionais, habilidades prácticas, arquitectura, traballo en equipo, construción e aprendizaxe interxeracional.

Organización por idades

O traballo organizarase principalmente por franxas de idade, aínda que non haberá grupos completamente pechados.

Queremos favorecer tamén momentos de convivencia entre maiores e pequenos/as, aprendendo a colaborar, coidarse e compartir responsabilidades.

Os/as participantes maiores (13-14 anos), dentro do programa **Tigres – Programa Pioneiras**, poderán asumir pequenas responsabilidades adaptadas á súa idade:

- apoio ás actividades,
- acompañamento dos grupos pequenos,
- organización de dinámicas,
- aprendizaxe de habilidades de monitorado e tempo libre.

Persoas convidadas e obradoiros especiais

Ao longo do programa contaremos coa colaboración de:

persoas voluntarias con aptitudes e habilidades específicas,
profesionais de distintos ámbitos,
persoas vinculadas a oficios e saberes tradicionais.

Entre outras actividades, poderemos desfrutar de:

ecoloxía e hortas

nós e orientación

defensa persoal

inclusión e convivencia

inglés, italiano e línguas

baile desportivo

capoeira

química e experimentación

arquitectura e construción

traballo en equipo

anfitrións en actividades de comercio e lecer

Aprendizaxe práctica e experiencial

O programa baséase no desenvolvemento de competencias educativas e sociais:

- linguaxe e comunicación,
- ciencias e natureza,
- educación artística,
- psicomotricidade,
- convivencia e comportamento afectivo-social.

Sempre que o tempo o permita, **priorizaranse as actividades no exterior**, fomentando o contacto coa natureza e o respecto polo medio

Bono Concilia da Xunta

As familias poderán solicitar o **Bono Concilia da Xunta de Galicia** para este servizo.

Desde a Fundación Pazo de Mos:

emitiremos os certificados necesarios,

facilitaremos a documentación requerida,

e poderemos prestar apoio na presentación da solicitude.

Tarifas

Compartímosvos tamén a información económica do programa Concilia no Xardín do Pazo para este verán:

- Por día solto:
 - Tarifa xeral: 15 €
 - Tarifa concello: 14,5 €
 - Tarifa parroquia: 13,5 €
- 10 días ou máis:
 - Tarifa xeral: 12 €/día
 - Tarifa concello: 11,5 €/día
 - Tarifa parroquia: 10,5 €/día
- Semana completa:
 - Tarifa xeral: 13,5 €/día
 - Tarifa concello: 13 €/día
 - Tarifa parroquia: 12 €/día
- Programa completo (4 semanas ou >):
 - Tarifa xeral: 11 €/día
 - Tarifa concello: 10,5 €/día
 - Tarifa parroquia: 9,5 €/día

Descontos:

- Familias socias do Círculo: 5 % de desconto
- Segundo irmán e seguintes: 15 % de desconto

Para máis información ou para calcular casos concretos segundo días e descontos, podedes escribirnos sen problema.

Información

Lugar: Pazo de Mos

Horario xeral: 8.45 h – 14.15 h

Idades: de 4 a 14 anos

Información e contacto: 639 300 974

fundacion@pazodemos.org

Un proxecto de todas e todos

Queremos que o Concilia no Xardín do Pazo sexa un espazo seguro, alegre e educativo no que as crianzas poidan:

descubrir,
crear,
convivir,
gañar autonomía,
e construír vínculos positivos.

Grazas ás familias pola confianza e por formar parte deste proxecto comunitario